

ACTA Nº 17/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.
D. Daniel Rodas Chapela.
D.^a Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na casa do Concello de Moaña, o 26 de abril de 2010, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:10 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 15/10, do 12 de abril de 2010

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- LICENZAS DE OBRAS

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinados os informes do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

2.A) EXPTE. 49/10 – D. RAMIRO GONZÁLEZ DOCAMPO presenta proxecto de conservación de cuberta de vivenda unifamiliar xa existente, situada no lugar da Guía nº 208, Meira, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado o 19.04.10,

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 23 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza** da obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, debendo para estas obras de reparación non acometer demolición de ningún elemento estrutural sendo estes reparables por medios normais; e conforme se define na memoria construtiva do proxecto se superporán paneis tipo sandwich como soporte da cubrición, illamento de poliestireno e taboleiro aglomerado hidrófugo con capa inferior de madeira machihembrada, colocación de nova tella mixta e dúas fiestras tipo velux preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	164,51 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

2.B) EXPTE. 48/10 – D. MANUEL PENA CARRERA presenta proxecto básico e execución de conservación de cuberta en vivenda unifamiliar existente na rúa Igrexario nº 49, do barrio do Cruceiro, San Martiño, Moaña, redactado polo arquitecto técnico D. José Ponce Yáñez, visado na data 19.04.2010.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 22 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PROXECTO DE CONSERVACIÓN (OBRA MAIOR)

INFORME TÉCNICO: **Procede licenza** da obras de conservación definidas en proxecto.

Non precisa informes sectoriais.

A presente licenza outógase ao abeiro do disposto no artigo 9º da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

Os deberes de uso, conservación e rehabilitación que propugna o presente proxecto céntranse na simple conservación da cuberta co mantemento estrutural da mesma salvo reforzos circunstanciais e puntuais, debendo para estas obras de reparación non acometer demolición de ningún elemento estrutural sendo estes reparables por medios normais; e conforme se define na memoria

constructiva do proxecto se superporán paneis tipo sandwich como soporte da cubrición, illamento de poliestireno e taboleiro aglomerado hidrófugo con capa inferior de madeira machihembrada, preservando o uso preexistente.

O expediente conta con Estudo básico de seguridade e saúde.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	187,70 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra	110,00 €

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 46/10 – D.ª ANGUSTIAS VILA PÉREZ presenta proxecto de acondicionamento de local para oficinas na Avda. Concepción Arenal, 202 baixo, do barrio da Praia, redactado polo arquitecto técnico D. Camilo Garrido Álvarez, visado o 06.04.10,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 21 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: LICENZA DE OBRAS E ACTIVIDADE PARA OFICINA

INFORME TÉCNICO: Procede licenza de obras e actividade destinada a **tenda de oficina** de acordo co proxecto técnico.

O apartado 3 do artigo 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais -Decreto de 17 de xuño de 1955- especifica que con arreglo ao proxecto presentado, a edificación dun inmovible destinarase a establecemento de características determinadas, non se outorgará a licenza de obras sen o outorgamento da licenza de apertura se fose procedente.

Abondando na cuestión, o apartado 2 do Artigo 196 de Lei 9/2002, reformada pola Lei 15/2004 de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia nos afirma que nos supostos que esixan licenza de actividade ou apertura e, ademais, licenza urbanística, serán obxecto dunha soa resolución, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separada de cada intervención administrativa.

A ordenanza de usos das NN.SS. de Planeamento municipal resulta compatible.

O local para ser susceptible de apertura e funcionamento deberá ser inspeccionado polos servizos municipais unha vez presentado o certificado fin de obra do facultativo director das mesmas.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	423,75 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico e do secretario municipal, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D.^a ANGUSTIAS VILA PÉREZ para a actividade de OFICINA.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA OFICINAS”. A licenza urbanística determina o devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCERO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar a interesada, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- PARCELACIONES

Visto o expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e, examinados os informes do técnico e do secretario municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder as licenzas de parcelación de fincas, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección ós condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tralo pagamento das taxas correspondentes:

- EXPTE. 35/10 – D. ^a MARÍA ELENA GONZÁLEZ FERVENZA e fillos, Elena María, José Carlos e Juan Pablo Santomé González, presentan proxecto de parcelación de terreo de 1910 m², sito no barrio do Pombal – Meira, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal, visado o 19.02.2010.

Dáse conta do informe do aparelador do concello de Moaña de data 21 de abril de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: PARCELACIÓN

INFORME: **Procede licenza de parcelación.**

Solo urbano de ordenanzas 1 e 2 das NNSS de planeamento municipal. As parcelas resultantes descritas na documentación técnica presentada, visada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas con data de 19/02/2010, resultan tres parcelas “A”, “B” e “C” de 690, 690 e 530 metros cuadrados respectivamente que cumpren a condición de mínimas según as determinacións da ordenación urbanística previstas para a zona onde se enclavan.

Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza urbanística..... 165,00€

5.- LICENZAS DE APERTURA

- **EXPTE. 19/09 – RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L., representada por D.^a Ana María Macey Nogueira**, por escrito do 23 de xuño de 2009, solicita licenza de apertura de local destinado a CAFE- BAR na rúa Concepción Arenal, 72, baixo.

Visto o informe do aparellador municipal do 20 de abril de 2010 que literalmente di:

APERTURA DE ACTIVIDADE NON CLASIFICADA CON OBRAS DESTINADA A CAFÉ-BAR.

INFORME: **Procede licenza de apertura** para establecemento comercial destinado a **café-bar** a favor de **RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.**

Actividade suxeita a licenza de apertura a teor do determinado no Artigo 22 Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Licenza de obras e actividade nº 123/09 outorgada en sesión da Xunta de Goberno Local celebrada o día 9 de decembro de 2009 e licenza de primeira ocupación de 8 de xuño de 2009.

No expediente consta informe favorable da Consellería de Sanidade.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fixa un aforo de 46 persoas para o local.

A ordenación de usos das NN.SS. de Planeamento Municipal para a zona determina a súa compatibilidade.

A licenza urbanística de uso e obras outórgase definitivamente mediante unha única resolución simultánea coa licenza de actividade (artigo 196.2 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, reformada pola Lei 15/2004 de 29 de decembro); a licenza de apertura unha vez incorporados ao expediente, con tramitación en peza separada para esta actividade non clasificada, do certificado final de obras do facultativo director das mesmas aos efectos de verificación que os locais e instalacións reúnen as condicións do proxecto, así como a Acta de Comprobación asinada polo Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras que queda adxunta ao expediente así como certificación acústica emitida por empresa homologada.

Vista a acta de comprobación asinada polo arquitecto técnico municipal e polo inspector de obras de data 05 de febreiro de 2010, que literalmente di:

Aos efectos da ulterior licenza municipal de apertura e posta en funcionamento da actividade non clasificada destinada a **CAFÉ-BAR** cuxo titular resulta ser **RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.** a cal declara a execución das obras de acordo coa licenza urbanística de obras e actividade (Expediente 123/2009) outorgada pola xunta de Goberno Local celebrada o día 09 de decembro de 2009, presenta a licenza de primeira ocupación outorgada pola xunta de Goberno Local no día 08. de xuño de 2009, o Arquitecto Técnico Municipal e Inspector de Obras corroboran a adecuación do local levantando a presente Acta de Comprobación.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza municipal de apertura 850 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a **RÍO DA RIBEIRA MACBIL, S.L.**, licenza de apertura para establecemento comercial destinado a CAFÉ-BAR no local situado na rúa Concepción Arenal, 72 - baixo, ao ser conforme á ordenación urbanística aplicable, debendo axustarse no seu exercicio ás condicións, limitacións e medidas correctoras establecidas polos servizos técnicos, de conformidade co disposto no artigo 9 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955.

6.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

6.A) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado pola sociedade VISTA LA CAINA, S.L. no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para edificio de 3 sotos, baixo, tres plantas e baixo cuberta, para 20 vivendas na rúa Ramón Cabanillas, pertencente á licenza de obra (Expte. nº 144/2006, concedida pola XGL en sesión de data 25.09.2006).

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 23 de abril de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO DE TRES SOTOS, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS E PLANTA BAIXO CUBERTA, PARA GARAXES, LOCAIS COMERCIAIS E 20 VIVENDAS.

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, o día 10 de xuño de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 16 de xuño de 2009; asinado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. Juan Fernández Martínez, o día 10 de xuño de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 18 de xuño de 2009.

Certificado de illamento acústico favorable para o desenvolvemento da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 2.175,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 3 sotos, baixo, tres plantas e baixo cuberta, para 20 vivendas na rúa Ramón Cabanillas, dimanante da licenza en Expte. nº 144/2006, á súa promotora VISTA LA CAINA, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

6.B) O concelleiro delegado de Urbanismo informa á Xunta de Goberno Local do escrito formulado por D. Manuel Castiñeira Espasandin como administrador da entidade RESIDENCIAL SEARA, S.L. no que SOLICITA Licenza de primeira ocupación para edificio de 12 vivendas, dous sotos a garaxes e trasteiros e planta baixa con 2 locais comerciais, na rúa Ramón Cabanillas, 135, pertencente á licenza de obra Expte. nº 279/2005, concedida pola XGL en sesión de data 03.10.2005.

Considerando que a dito escrito únese a documentación esixible para o trámite de licenza de primeira ocupación, e informe do técnico municipal de data 23 de abril de 2010 que di:

ASUNTO: SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE EDIFICIO DE DOUS SOTOS, PLANTA BAIXA, TRES PLANTAS E PLANTA BAIXO CUBERTA, PARA GARAXES, LOCAIS COMERCIAIS E DOCE VIVENDAS.

INFORME: **Procede informar favorablemente a solicitude de Licenza de primeira ocupación.**

A solicitude obxecto do presente informe, presenta a seguinte documentación:

Certificado final de obra, conforme a obra foi rematada segundo o proxecto aprobado e a documentación técnica que o desenvolve, asinado polo arquitecto técnico D. Humberto Guimeráns Gallego, o día 23 de marzo de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 29 de abril de 2009; asinado polos arquitectos D. Rafael Oliveira Souto e D. José Díaz de la Iglesia, o día 23 de marzo de 2009, e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 7 de maio de 2009.

Certificado de illamento acústico favorable para o desenrolo da actividade, expedido pola empresa de medicións en contaminación acústica homologada, VIROCEM, S.L.

Fotografías e planos do estado final da obra rematada e acordos coa licenza adxudicada.

Copia de declaración simplificada de alteración de bens inmobles de natureza urbana. Modelo 902-N.

Liquidación provisoria de tributos

Licenza primeira ocupación 1.330,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de primeira ocupación para edificio de 2 sotos, planta baixa, tres plantas e baixo cuberta, para garaxes, locais comerciais e doce vivendas, na rúa Ramón Cabanillas 135, dimanante da licenza en Expte. nº 279/2005, á súa promotora RESIDENCIAL SEARA, S.L. nos termos sinalados no informe do técnico municipal.

7.- OBRAS MENORES

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

EXPTE. 32/10 – D. JOSE CARLOS RODRÍGUEZ ARGIBAY solicita a reconstrución dun muro de peche a lindeiros nun terreo da miña propiedade, situado na rúa do Pico nº 25 – A, Meira, de conformidade co croquis presentado. A lonxitude é de 30,00 ml; altura total 2,00 ml, superficie construída da reconstrución 60,00 m², orzamento das obras: 1.000 euros.

Dáse conta do informe do aparellador municipal do día 19 de abril de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: PECHE A LINDEIROS (OBRA MENOR)

INFORME: **Procede licenza** de acordo coa documentación presentado

Non require informes sectoriais.

A altura máxima a partir da rasante será de dous metros.

O peche seguirá a liña do lindante e non sobrepasará no seu enteste o que se determina como sistema viario nos planos da NN.SS de Planeamento Municipal.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción	35,28 €
Taxas licenza urbanística	65,00 €

8.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

D. José Benito Pereira Martínez, por escrito do 29 de marzo de 2010, expón que ten concedida licenza de obra –expte. 69/07) do día 13 de abril de 2007, e ao non telas terminadas, solicitan unha prórroga de licenza.

Visto o informe do aparelador municipal do día 21 de abril de 2010, que literalmente di:

Ante a petición formulada por **José Benito Pereira Martínez** titular dunha licenza (EXP.. 69/07) concedida en Xunta de Goberno Local de 13 de abril de 2007 para un proxecto básico e de execución de adecuación de planta primeira para vivenda, a teor do disposto no apartado 2 do artigo 197 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia **procede conceder prórroga dos prazos outorgados na licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ao inicialmente acordado.**

Liquidación provisoria de tributos

Prórroga licenza obras..... 35,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a prórroga solicitada nos termos recollidos no informe do aparelador municipal.

9.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o orzamento dos obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
SERVIZOS	PLANTAS E ABONOS PARA XARDÍNS	Viveros Jardin al Mar – Federico Curt Martínez	1710 22109 RC 613	603,48 €
MEDIO AMBIENTE E MAR	REPOSICIÓN PANEIS INFORMATIVOS NOS AREAIS DE MOAÑA	Novocontorno, S.L.	1720 22602 RC 612	1.310,93 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009, prorrogado ao 2010, acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

10.- MODIFICACIÓN ACORDO DE RECOÑECIMIENTO DE OBRIGA

Vista a proposta do interventor municipal de data 22 de abril de 2010, que di:

1º.- Na xunta de goberno local de data 29 de marzo de 2010, aprobouse a relación contable de facturas número 180, na que estaba incluída a factura número 2608 emitida por Gasoleos del Morrazo Sanchilán, S.L., e por un importe de 215,56 euros.

2º.- Detectouse un erro na citada relación; por canto o importe que figura na mesma, referente a factura citada no párrafo anterior, é de 215,66 euros, e na execución deste acordo, contabilizouse unha obriga por importe de 215,66 euros,

PROPONSE:

- a) Acordar a anulación parcial da obriga 2010-189-0, por importe de 0,10 euros, para deste xeito, adaptar o importe da obriga ao importe real da factura (215,56 euros).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

11.- GASTOS A XUSTIFICAR DO ENTROIDO 2010

A Xunta de Goberno Local do 1 de febreiro de 2010 aprobou o pago a xustificar a D. Diego M. Riobó Martínez por importe de 2.888,01 euros, en concepto de pago a xustificar dos gastos máis urxentes da organización do Entroido 2010, con cargo á partida 3340 22 609.

Vista a conta xustificativa achegada polo habilitado de data 25 de febreiro de 2010,.

Visto o informe favorable do interventor do 21 de abril de 2010 –no referido á conta xustificativa- sobre a liquidación do pago a xustificar concedido por acordo da Xunta de Goberno Local do 1 de febreiro de 2010 a don Diego Manuel Riobó Martínez,

Tendo en conta o regulado sobre os pagos a xustificar no artigo 190 do Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no artigo 69 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, de orzamentos das entidades locais, e nas bases de execución do orzamento do Concello de Moaña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeira: Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar expedido a D. DIEGO MANUEL RIOBÓ MARTÍNEZ por importe de 2.888,01 euros, en concepto da gastos máis urxentes da organización do Entroido 2010, con cargo a partida 3340 22609.

Segundo: Notificar a presente resolución ao departamento de Intervención e Tesourería para os efectos oportunos.

12.- ANTICIPO REINTEGRABLE DE D.^a ANA MARÍA COSTA GÁNDARA.

Visto o informe do departamento de persoal do 21 de abril de 2010, que indica

En relación ao acordo adoptado por Resolución de Alcaldía de data 04/12/2008 por anticipo reintegrable de Dna. Ana María Costa Gándara e a vista dos antecedentes obrantes na Intervención municipal, emítase dende o Departamento de Persoal o seguinte informe:

Dna. Ana María Costa Gándara tiña que reintegrar ó Concello de Moaña a cantidade de 975,00 en concepto de ANTICIPO REINTEGRABLE que tiña pendente no momento do seu pase a xubilación forzosa segundo acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/01/2008 no seu punto 6.

Dende o día 04/02/2009 viña ingresando de forma regular na conta corrente núm. 577.3 do Concello de Moaña a razón de 75,00 cada mes segundo se lle estipulou na R.A. de data 04/12/2008 núm. 622/08.

En data 08/02/2010 fai un último ingreso de 150,00 o que supón que ingresou demais a cantidade de 75,00 como se especifica no seguinte desglose:

[...]

A vista do anterior este Departamento considera procedente a devolución dos 75,00 ingresados demais por Dna. Ana María Costa Gándara, importe a devolver na súa conta núm. 2080.0047.85.0000158530.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a devolución de 75 euros ingresados de máis á Dna. Ana María Costa Gándara, á súa conta núm. 2080 0047 85 0000158530, polos motivos recollidos no informe do departamento de persoal.

13.- LIQUIDACIÓNS DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA

Visto o informe da Tesourería municipal do 20 de abril de 2010, en relación á liquidación da taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público municipal pola declaración relativa aos ingresos brutos presentada pola empresa subministradora. FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A.no que indica:

Consonte ó disposto no artigo 24 do TRLRFL,o importe a liquidar correspóndese co 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación da empresa que preste os seus servizos no termo municipal correspondente.

Entenderase por ingresos brutos procedentes da facturación aqueles que,sendo imputables a cada entidade, fosen obtidos por aquela como contraprestación polos servizos prestados en cada termo

municipal, excluídos os impostos indirectos que os graven e as partidas ou cantidades cobradas por conta de terceiros que non constitúan un ingreso propio da entidade á que se lle aplique este réxime especial de contificación da taxa.

En aplicación do anteriormente exposto, remítase á Xunta de Goberno Local, a liquidación das taxas indicadas a efectos da súa aprobación con carácter definitivo e notificación ós interesados .

*FRANCE TELECOM ESPAÑA S.A (CIF A82009812)

	BASE DA TAXA(euros)	IMPORTE TAXA(euros)
		BASE*0,015
PRIMEIRO TRIMESTRE 2010-05-10	37.303,55	559,55

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contía das liquidacións reflectidas no informe da Tesourería, correspondente á taxa por ocupación do solo, subsolo e voo do dominio público local de France Telecom España SA por 559,55 euros polo período recollido no informe, e notificarlle o acordo á Recadación municipal para o seu cobro.

14.- PREMIO POR NATALIDADE

D.^a María Jesús Gutiérrez Sampedro, por escrito do 6 de abril de 2008, expón que é traballadora do Concello e tivo a súa segunda filla, e polo convenio vixente, solicita o premio de natalidade. Achea fotocopia do libro de familia.

Visto o informe do departamento de persoal do 10 de abril, que indica que o artigo 19 do convenio colectivo de persoal laboral do Concello de Moaña recolle a concesión de premio por natalidade por importe de 90,15 euros, e que D.^a María Jesús Gutiérrez Sampedro é persoal laboral eventual, coa categoría de profesora de música, dende o 5 de agosto de 1999.

Visto o informe favorable do interventor de data 22 de abril de 2010,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda a concesión do premio por natalidade a D.^a María Jesús Gutiérrez Sampedro, por importe de 90,15 euros, con cargo á partida 2210 16204.

15.- AXUDAS EXTRASANITARIAS

D.^a Luz Marina Álvarez Bermúdez, traballadora do Concello, solicita axuda extrasanitaria para a adquisición dunhas gafas segundo o convenio de persoal laboral, e achega informe médico e factura.

Visto o informe de persoal do 16 de febreiro de 2010, que indica que D.^a Luz Marina Álvarez Bermúdez é traballadora eventual coa categoría de limpadora, cunha antigüidade de 08/01/98,

Visto o artigo 25 do convenio de persoal laboral,

Visto o informe favorable do interventor do 15 de abril de 2010, que cuantifica a axuda en 60,12 euros para a montura (tope da contía de axuda por este concepto) e en 705,55 euros para os lentes (100%),

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda o recoñecemento da obriga a favor de D.^a Luz Marina Álvarez Bermúdez, por importe de 765,67 euros, con cargo a partida 2210.16204 en concepto de axuda extrasanitaria.

16.- SUBSTITUCIÓNS DE PERSOAL DA POLICÍA LOCAL

Na Xunta de Goberno Local do día 22 de febreiro de 2010 tratáronse as substitucións do persoal de Policía local, tomouse o seguinte acordo –que se recolle no punto 16 da acta 08/10-:

Primeiro: Adscribir temporalmente ao Policía D.Eugenio Gestido Malvido á praza de oficial en tanto non se ocupe a vacante.

Segundo: Aprobar a liquidación ao persoal que desempeñe labores de oficial no ano 2009 segundo o informe do Departamento de Persoal de 5 de xaneiro de 2010, corrixindo dito informe segundo os cálculos da intervención no referido a D. Luis Varela Brañas e D. Eugenio Gestido Malvido.

Terceiro: Iniciar expediente de modificación de crédito para habilitar as partidas necesarias.

Visto o informe do interventor do 19 de abril de 2010, no que fai constar que

Primeiro: Que na data de emisión do presente informe, nas aplicacións orzamentarias 1320.12100 e 1320.12101 do orzamento do Concello de Moaña para o ano 2010 non existe crédito suficiente para a imputación dos custes derivados das substitucións e atrasos por antigüidade do persoal,

Segundo: Que nesta data, no orzamento do Concello de Moaña para o ano 2010 non existe aplicación orzamentaria adecuada para o recoñecemento de obrigas en concepto de produtividade.

Terceiro: Que nesta data, na aplicación orzamentaria 1320.12104 de “horas extras persoal” o crédito dispoñible é de 4.440,03 euros.

Cuarto: Que na data de emisión do presente informe o crédito dispoñible na vinculación xurídica área de gasto 1 –capítulo 1 é de 77.161,78 euros, o que se informa en cumprimento do disposto no artigo 31.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga con cargo á vinculación xurídica área de gasto I, capítulo I, en concepto de substitucións persoal da Policía local ás seguintes persoas e pola contía que se indica, para o seu posterior pagamento:

MANUEL GARCIA FERNANDEZ, polo oficial Jesús Garcia Rodas do 1 ao 21 de novembro.
Importe: **226,32 euros**

FCO. J. BLANCO PORTELA, polo oficial Xurxo X. Casal Blanco do 1 ao 16 de novembro por baixa enfermidade e do 17/11/09 á 31/12/09 por vacacións deste
Importe das dúas substitucións: **323,32 + 323,32 euros**
JAVIER CRUZ PENA non cobrou Complemento Productividade Novembro e Decembro/09
Importe : **299,69 + 299,69 euros**

EUGENIO GESTIDO MALVIDO non cobrou por Oficial Interino Novembro e decembro/09
Importe: **323,32 + 323,32 euros**

EUGENIO GESTIDO MALVIDO por substitución do Xefe do 01/08/09 á 27/08/09
Importe: **504,60 euros**

LUIS VARELA BRAÑAS.- por substitución do oficial Eugenio Gestido do 01/08/09 á 27/08/09
Importe: **290,99 euros**

17.- MODIFICACIÓN NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Visto o informe da traballadora social de data 23 de abril de 2010 sobre modificacións no SAF, que di:

Baixa

- M^a Balbina Chapela Iglesias:: por falecemento, dende o 1 de abril.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da traballadora social nos seus propios termos.

18.- CERTIFICACIÓNS DA OBRA “MODIFICADO Nº 1 SANEAMENTO COSTA GRANDE (BERDUCEDO).

Dáse conta das seguintes certificacións ordinarias nº 1, de data 26 de febreiro de 2010, nº 2, de data 29 de marzo de 2010 e nº 3, de data 9 de abril de 2010, da obra *MODIFICADO Nº 1 SANEAMENTO COSTA GRANDE (BERDUCEDO)*, asinadas polo director de obra D. José Manuel Carballo Moldes. Así mesmo, dáse conta das facturas 2100228, do 26.02.10, por importe de 27.751,03 euros, a factura 2100283, do 29.03.10,

por importe de 53.065,02 euros, e a factura 2100378, do 09.04.10, por importe de 8.210,34 euros.

Visto o informe do interventor municipal do 26 de abril de 2010, no que emite informe de reparo polas deficiencias indicadas, en especial pola non incorporación ao expediente da documentación indicada no informe do 23 de novembro de 2009, pola falla de parte da documentación a esixir ao adxudicatario provisional, polo incumprimento do prazo para a expedición do acta de comprobación do replanteo, ou pola non formalización da modificación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da Intervención recollido no seu informe de data 26 de abril de 2010, por entender que as obras foron efectivamente executadas e para evitar o enriquecemento inxusto da Administración.

Segundo: Aprobar as certificacións ordinarias: nº 1, de data 26 de febreiro de 2010, por importe de 27.751,03 euros; nº 2, de data 29 de marzo de 2010, por importe de 53.065,02 euros, e nº 3, de data 9 de abril de 2010, por importe de 8.210,34 euros, da obra *MODIFICADO Nº 1 SANEAMENTO COSTA GRANDE (BERDUCEDO)*.

Terceiro: Aprobar as factura de COVSA, CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A., nº 2100228, do 26.02.10, por importe de 27.751,03 euros, a factura nº 2100283, do 29.03.10, por importe de 53.065,02 euros, e a factura 2100378, do 09.04.10, por importe de 8.210,34 euros, recoñecendo as obrigas con cargo á partida 1610.60907.

19.- PERMUTA DE TERREOS NO CANTIÑO (O CASAL) PARA O CAMPO DE FÚTBOL

Vista a proposta da Alcaldía de data 26 de abril de 2010, respecto da permuta de dúas parcelas de propiedade municipal en solo rústico no Cantiño (O Casal), 275 e 278 polígono 55, por parcela de propiedade privada situada na mesma zona e integrada no ámbito das instalacións do campo de fútbol municipal do Casal. Parcelas a permutar por parcela nº 70 dese mesmo polígono, propiedade de D. Francisco Otero Díaz:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE PERMUTA DE TERREOS NO CANTIÑO (O CASAL) PARA O CAMPO DE FÚTBOL

O Concello de Moaña é propietario de dúas parcelas no Cantiño (O Casal), que corresponden á seguinte descrición:

-Parcela 275 do polígono 55, coñecida como “A de Carreira”, con referencia catastral 36029A055002750000ID, de unha área e trinta e tres centiáreas (133 m²), con seguintes lindeiros:

-Norte: D. Francisco Otero Díaz.

-Sur: Concello de Moaña.

- Este: D. Francisco Otero Díaz.
- Oeste: D. Francisco Otero Díaz.
- Parcela 278 do polígono 55, coñecida como “A de Carreira”, con referencia catastral 36029A0550027800008IJ, de tres áreas e sesenta e nove centiáreas (369 m2), cos seguintes lindeiros:
 - Norte: D. Francisco Otero Díaz e Concello de Moaña.
 - Sur: Camiño de servidume.
 - Este: Camiño de servidume.
 - Oeste: Dna. María Teresa Gil Martínez.

O Concello de Moaña é propietario de ditas parcelas por compra efectuada a D. Manuel Pazos Abal e D. Marcos Corbacho Portela respectivamente, en escritura pública asinada ante notario o 18 de abril de 2008.

D. Francisco Otero Díaz, con D.N.I.35.189.155-Y e domicilio no Casal, nº 70, é propietario da parcela denominada “A de Carrera”, no lugar do Casal, con numeración catastral 274-A do polígono 55 de Moaña, adquirida segundo escritura de data 9 de xuño de 1986 a Dna. Felisa Riobó Budiño, cunha superficie de tres áreas e corenta centiáreas (340 m2), se ben segundo medición recente do enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal a súa capacidade é de catro áreas e corenta e cinco centiáreas (445 m2). Os seus lindeiros actuais son os seguintes:

- Norte: Valado de contención da finca e despois Manuel Antonio e Benigna Miranda Cruz.
- Sur: Antes Jesús Portela Juncal, na actualidade Concello de Moaña.
- Este: Máis terreo da propiedade e Manuel Portela Abal, na actualidade Concello de Moaña.
- Oeste: Concello de Moaña e M^a Teresa Martínez Gil.

A identificación física das parcelas incorpórase ao expediente mediante levantamento topográfico realizado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Francisco Díaz Juncal. Así mesmo, incorpórase valoración das parcelas municipais e da parcela privada, outorgando ás dúas primeiras un valor conxunto de 21.676,00 € e á segunda 21.805,00 €.

A parcela propiedade de D. Francisco Otero Díaz linda en tres dos seus ventos con terreos propiedade do Concello de Moaña, integrándose na área que ocupa o campo de fútbol municipal do Casal. As dúas parcelas municipais lindan á súa vez con propiedades de D. Francisco Otero Díaz, polo que é interés mutuo de cara a regularizar as correspondentes propiedades, realizar a permuta das parcelas descritas.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes

ACORDO:

- 1.- Resolver os reparos formulados pola Intervención municipal en informe de data 12 de abril de 2010, por considerar suficientemente acreditados os extremos sinalados e xustificada a idoneidade do procedemento de permuta, dada a negativa do propietario

para acceder á compravenda e a complexidade do expediente de expropiación, así como os menores custes económicos para o Concello ao permutarse por un ben sen utilidade obxectiva para os servizos municipais.

2.- Aprobar a permuta das parcelas municipais 275 e e 278 do polígono 55, pola parcela 274-A do polígono 55 propiedade de D. Francisco Otero Díaz, tal como se describen nos antecedentes e na documentación gráfica que obra no expediente. Dita permuta enténdese efectuada entre bens de valor equivalente, sen mediar ningún outro tipo de compensación entre os permutantes.

3.- Facultar ao alcalde para a sinatura da correspondente escritura pública.”

A Xunta de Goberno, á vista dos informes da Secretaría e da Intervención Municipal respecto da proposta da Alcaldía, á vista do interese municipal na permuta proposta e a conformidade do propietario da parcela que o Concello pretende permutar, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Resolver os reparos formulados pola Intervención municipal en informe de data 12 de abril de 2010, por considerar suficientemente acreditados os extremos sinalados e xustificada a idoneidade do procedemento de permuta, dada a negativa do propietario para acceder á compravenda e a complexidade do expediente de expropiación, así como os menores custes económicos para o Concello ao permutarse por un ben sen utilidade obxectiva para os servizos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar a permuta das parcelas municipais 275 e e 278 do polígono 55, pola parcela 274-A do polígono 55 propiedade de D. Francisco Otero Díaz, tal como se describen nos antecedentes e na documentación gráfica que obra no expediente. Dita permuta enténdese efectuada entre bens de valor equivalente, sen mediar ningún outro tipo de compensación entre os permutantes.

TERCEIRO.- Facultar ao alcalde para a sinatura da correspondente escritura pública.

20.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA O ARRENDAMENTO, MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA, DE DUN LOCAL DESTINADO A CENTRO DE FISIOTERAPIA E ODONTOLOXÍA

Examinado o expediente para a contratación por adxudicación directa, iniciado por providencia da Alcaldía de data 16 de febreiro de 2010 para o arrendamento dun local destinado a centro de fisioterapia e odontoloxía, e que conta cun importe total por todas as anualidades do arrendamento, de CENTO CINCOENTA E SEIS MIL EUROS (156.000,00 €), IVE incluído.

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por adxudicación directa e visto, tamén, o prego de prescricións técnicas que debe cumprimentar o local.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal.

De conformidade co establecido no artigo 124 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante adxudicación directa, para o arrendamento dunha superficie de 240 m2 ubicada na rúa Rúa Donato Bernárdez s/n de este Concello, pertencente a PROMOCIONES SOUTO Y GONZÁLEZ S.L. para destinalo a centro de fisioterapia e odontoloxía.

SEGUNDO.- Autorizar un gasto no Orzamento do exercicio corrente (ano 2010) por importe de 10.400,00 euros con cargo á partida 3120.20200 correspondente ás mensualidades dos meses de setembro a decembro.

TERCERO.- Autorizar un gasto no Orzamento de exercicios posteriores que a continuación se indican con cargo á mesma partida 3120.20200 e polas seguintes contías:

EXERCICIO	GASTO A AUTORIZAR
ANO 2011	31.200,00
ANO 2012	31.200,00
ANO 2013	31.200,00
ANO 2014	31.200,00
ANO 2015	20.800,00

CUARTO.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescripcóns Técnicas que rexerán o arrendamento do ben por adxudicación directa.

QUINTO.- Ofertar ao propietario do inmovible en cuestión o seu arrendamento a título oneroso polo Concello, debendo deixar constancia no expediente da invitación cursada e das razóns da súa aceptación ou rexeitamento.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

21.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA “CONSTRUCCIÓN DE PISTAS DE ATLETISMO NA XUNQUEIRA”

Iniciase o asunto dando lectura á proposición formulada pola Mesa de Contratación que tivo lugar o día 21 de abril ás 12:05 horas, recollida na acta da mesa que literalmente di:

“ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Moaña, a 21 de abril de dous mil dez.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Moaña, ás 12:05 horas, constitúese a Mesa de Contratación da obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira”, integrada polo Sr. Alcalde, como Presidente, D. Valentín Piñeiro González, Concelleiro Delegado de Urbanismo, Dna. Teresa Suárez Riobó, representante do PSOE, D. Javier Abal Juncal, representante do PP, D. José Antonio Graña Santaclara, Interventor do Concello e D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, e D. José Luís Domínguez González, Arquitecto redactor do proxecto, como Vocais. Actúa como Secretario da Mesa de Contratación, D. José Rodríguez Veloso, administrativo de Secretaría, que da fe do acto.

Foi trasladada a Mesa a día de hoxe para a valoración do informe dos Servizos Técnicos sobre as ofertas presentadas.

Na Mesa anterior acordouse inadmitir a proposición nº 1, presentada por HIDROSCIVIL S.L., porque non cumpriu ca clasificación prevista nos pregos para esta obra.

Á vista do informe técnico municipal de data 20 de abril de 2010, emitido polo Aparellador Municipal e do redactor do proxecto que se recolle a continuación:

“VALORACIÓN CONCURSO PISTAS DE ATLETISMO DE A XUNQUEIRA CONCELLO DE MOAÑA

PREZO DE LICITACIÓN (IVE INCLUÍDO.- 512.283,65 €

EMPRESA	ORZAMENTO				CONTRATOS NOVOS		PUNTUACIÓN
OPSA	450.809,62	Baja 12,00%	6 PUNTOS		8 Traballadores	4 PUNTOS	10 PUNTOS
COVSA	444.149,92	Baja 13,30%	6 PUNTOS		8 Traballadores	4 PUNTOS	10 PUNTOS
INDEPO- ALTALSIS	404.601,63	Baja 21,02 %	6 PUNTOS	Maior Baixa	8 Traballadores	4 PUNTOS	10 PUNTOS Maior Baixa

Á vista do citado informe de valoración, a Mesa, de conformidade ca cláusula 10.2 dos pregos: “*De producirse empate na valoración dos criterios, adxudicarase a obra a aquel que presente unha baixa superior*”, e por maioría dos seus membros, acorda propoñer á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, a adxudicación do presente contrato á empresa U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. E ANTALSIS S.L., cas seguintes condicións e demais recollidas na oferta presentada:

Prezo.- 404.601,63 euros. (348.794,51 euros + 55.807,12 euros de IVE).

Adscripción de traballadores á obra: 8 traballadores de nova contratación, con contratos de tres meses de duración.

O Sr. Alcalde Presidente da por terminada a reunión ás 12,15 horas.”

Vista a memoria do proxecto incluído no FEIL e aprobado polo Ministerio de Política Territorial, no que se establece un mínimo de traballadores a adscribir á obra de: dez traballadores.

A Xunta de Goberno, á vista da proposta formulada pola Mesa de contratación e por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Construción de pistas de atletismo na Xunqueira” á empresa empresa U.T.E. INDEPO CONSTRUCCIONES DEPORTIVAS S.L. E ANTALSIS S.L., polo prezo de CATROCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS UN EUROS E SESENTA E TRES CÉNTIMOS (404.601,63 euros). (348.794,51 euros + 55.807,12 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses, adscripción de traballadores á obra: Mínimo de dez traballadores, dos que oito serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 404.601,63 euros con cargo á partida 3420.62200 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos 10 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 17.439,73 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á data na que se publique a adxudicación no perfil do contratante aporte a documentación requirida no apartado 19.1 dos pregos sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houbese presentado ca oferta. Asemesmo deberá aportar documentación prevista na cláusula 19.4 sobre adscripción de medios e contratos de traballo. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

22.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA)”.-

A Xunta de Goberno, en data 23 de marzo de 2010, acordou remitir invitacións para participar na licitación da obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)”, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.
- CONTRUCIONS XULIO CASTAÑO S.L.

- E.P. MARTIÑO.

No prazo concedido se presentaron as seguintes ofertas:

- E.P. MARTIÑO. nº de rexistro de entrada 2.568 e 2.569 de 31 de marzo de 2010.
- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L. nº de rexistro de entrada 2.595 e 2.596 de 5 de abril de 2010.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, nº de rexistro de entrada 2.987 de 15 de abril de 2010.

(A empresa CONTRUCIONS XULIO CASTAÑO S.L. presentou documentación fora de sobre, pero referida a outra obra, Reforma do Pavillón deportivo de Reibón, polo que se acordou inadmitir a oferta presentada).

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, a Xunta de Goberno en sesión celebrada o 19 de abril de 2010, procedeu a examinar a documentación remitida polos demais licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e e solvencia necesarias para a execución da obra.

A Xunta de Goberno declarou admitida, á vista da documentación presentada, as seguintes ofertas:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.
- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.
- E.P. MARTIÑO.

A continuación, a Xunta de Goberno procedeu ao acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- CONSTRUCTORA EDISERPO S.L.:

Prezo: SETENTA E CATRO MIL SETECENTOS OITENTA E DOUS EUROS E OITENTA E OITO CÉNTIMOS (74.782,88 euros). (64.468,00 euros + 10.314,88 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Un traballador.

- PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS.

Prezo: SESENTA E CINCO MIL NOVECIENTOS VINTE E SEIS EUROS E CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (65.926,44 euros). (56.833,14 euros + 9.093,30 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Dous traballadores.

- E.P. MARTIÑO:

Prezo: SETENTA E TRES MIL OITENTA EUROS (73.080,00). (63.000,00 euros + 10.080,00 euros de IVE)

Adscripción de traballadores de nova contratación á obra: Tres traballadores.

Á vista das condicións das ofertas, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acordou remitir as ofertas presentadas e admitidas a valoración dos Servizos Técnicos Municipais.

Visto o informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, de data 26 de abril de 2010, que se recolle a continuación:

“ASUNTO: INFORME SOBRE AS PROPOSTAS ECONÓMICAS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E TRAMITACIÓN URXENTE DA OBRA DE “ACONDICIONAMENTO DOS PATIOS DOS COLEXIOS PÚBLICOS DO REAL, QUINTELA, ABELENDO E BERDUCEDO (MOAÑA).

Seguindo os criterios especificados no apartado de Adxudicación do contrato do PREGO DE CLAUSULAS, ARTIGO 10. Procedemento de Adxudicación.

Unha vez estudias as propostas económicas presentadas polas diferentes empresas que se presentaron á licitación, se procede a realizar unha valoración das mesmas:

EMPRESA	Baixa 7 Pts.	Traballadores 3 Pts.
PLYGEPE	56.833,14 €	2
TOTAL 9 pts.	7 Pts.	2 Pts.
Ediserpo	64.468,00 €	0
TOTAL 2,8 pts.	2,8 Pts.	0 Pts.
Gayo Carballo	63.000,00 €	3
TOTAL 6,5 pts.	3,5 Pts.	3 Pts.

Estudias as propostas presentadas polas empresas se pode determinar que a empresa PLYGEPE presenta unha mellor oferta para a realización das obras.

O que lle comunico ós efectos oportunos en Moaña, 26 de abril de 2010.”

Vista a memoria do proxecto incluído no FEIL e aprobado polo Ministerio de Política Territorial, no que se establece un mínimo de traballadores a adscribir á obra de: catro traballadores.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO: Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento dos patios dos colexios públicos do Real, Quintela, Abelendo e Berducedo (Moaña)”, á empresa PLYGEPE S.L., PLANIFICACIÓN, CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS por importe de SESENTA E CINCO MIL NOVECENTOS VINTE E SEIS EUROS E CORENTA E CATRO CÉNTIMOS (65.926,44 euros). (56.833,14 euros + 9.093,30 euros de IVE), un prazo de execución de 3 meses e adscripción de traballadores á obra: Mínimo de catro traballadores, dos que dous serán de nova contratación, con contratos de tres meses de duración.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 65.926,44 euros con cargo á partida 3210.63203 do orzamento municipal do ano 2010.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos dez días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 2.841,66 euros e se lle cite para que nos 10 días seguintes á publicación desta adxudicación no perfil do contratante da Plataforma de contratación da Xunta de Galicia, para que, no caso de que non aportase previamente, aporte a documentación requirida no apartado 16.1.1 dos pregos de licitación desta obra sobre cumprimento de obrigas, en caso de que non as houbese presentado ca oferta. Asemesmo deberá aportar documentación prevista na cláusula 16.4 sobre adscripción de medios e contratos de traballo. O resto de licitadores poderá retirar as súas garantías provisionais.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante e notificalo aos licitadores.

23.- XUSTIFICACIÓN FINAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009: MANTEMENTO E REXENERACIÓN DE ESPAZOS NATURAIS. (TR351A 2009/84-5) E MANTEMENTO ZONAS VERDES E ESPAZOS PÚBLICOS (TR351A 2009/87-5)

Visto o informe da axente de emprego de data 23 de abril de 2010, que di:

O pasado 7 de marzo rematou a execución dos servizos “Mantemento e rexeneración de espazos naturais” e “Mantemento zonas verdes e espazos públicos” subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña. No servizo “Mantemento e rexeneración de espazos naturais” estiveron contratados, durante oito meses catro peóns forestais, no servizo “Mantemento zonas verdes e espazos públicos” estiveron contratados durante oito meses un oficial de primeira xardineiro e catro peóns xardineiros.

De acordo co recollido no punto terceiro das resolucións de concesión de subvencións de data 18 de xuño de 2009 e co establecido no artigo 7.2.a da Orde de 29 de decembro de 2008 da

Consellería de Traballo, unha vez rematados os servizos, existe un prazo de dous meses para realizar a xustificación final dos mesmos, presentando unha certificación de ingresos e gastos e unha memoria dos traballos realizados, acompañadas da seguinte documentación; copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores, boletíns de cotización á seguridade social (TC1 e TC2), resumo das retencións practicadas en concepto de IRPF, certificacións ou extractos bancarios de cada un destes conceptos.

Este punto terceiro establece tamén que, no caso de subvencións percibidas e non gastadas na súa totalidade, deberá remitirse xunto coa anterior documentación copia do resgardo da transferencia bancaria xustificante do reintegro que proceda. Por tanto, **o reintegro das cantidades correspondentes a subvención percibida e non gastada deberá efectuarse antes do remate do prazo de envío da xustificación final.**

O prazo para enviar a xustificación final á consellería remata o 6 de maio.

Unha vez realizada a xustificación- liquidación destes programas quedaría como segue:

Mantemento e rexeneración de espazos naturais:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Plus extrasal + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
53.769,60	47.829,15	5.940,45	4.921,95	52.751,10

Mantemento zonas verdes e espazos públicos:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Plus extrasal + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
68.324,48	68.538,62	-214,14	6.852,29	75.390,91

Acompáñase a este informe unha desagregación pormenorizada dos gastos realizados.

No caso do servizo “**Mantemento e rexeneración de espazos naturais**” a subvención percibida é moi superior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a **5.940,45** euros. Esta diferenza obedece á alta incidencia que as baixas por enfermidade tiveron nesta obra ou servizo e que provocaron que o gasto en salarios e seguros sociais fose moi inferior ao previsto. Esta cantidade, que corresponde a subvención percibida e non gastada deberá ser devolta á Consellería de Traballo e Benestar previamente á remisión da xustificación final.

Por outro lado, este proxecto tivo un custo a maiores para o Concello de 4.921,95 euros, o custo da indemnización por cese e máis do plus extrasalarial, ambos conceptos de pago obrigatorio no convenio da construción (aplicado a estes traballadores), que non son subvencionables, debendo por tanto o seu custo ser asumido polo Concello.

Pola contra, no caso do servizo “**Mantemento zonas verdes e espazos públicos**” a subvención percibida é inferior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a 214,14 euros. Isto é debido ao incremento salarial aplicado a estes traballadores dende o mes de xaneiro, que non é subvencionable, debendo o seu custo ser asumido polo Concello. O custo deste incremento salarial debería ser superior, pero viuse en parte compensado por algunha baixa por enfermidade neste programa.

Por outro lado, este proxecto tivo un custo a maiores para o Concello de 6.852,29 euros, o custo da indemnización por cese e máis do plus extrasalarial, ambos conceptos de pago obrigatorio no convenio da construción (aplicado a estes traballadores), que non son subvencionables, debendo por tanto o seu custo ser asumido polo Concello.

O Concello debe enviar á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resgardo de transferencia bancaria xustificante dos reintegros que procedan, tendo de prazo como xa mencionamos ata o día 6 de maio.

Vista a proposta da Alcaldía de data 23 de abril, que textualmente di:

Rematada o pasado 7 de marzo de 2009 a execución dos servizos “Mantemento e rexeneración de espazos naturais” e “Mantemento zonas verdes e espazos públicos” subvencionados dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións e do contido no artigo 7.2.a da Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación dos citados servizos para enviar xustificación final dos mesmos á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación das obras ou servizos “Mantemento e rexeneración de espazos naturais” e “Mantemento zonas verdes e espazos públicos” subvencionadas dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Mantemento e rexeneración de espazos naturais:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (Plus extrasal + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
53.769,60	47.829,15	5.940,45	4.921,95	52.751,10

Mantemento zonas verdes e espazos públicos:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIONABLES (Plus extrasal + I. cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
68.324,48	68.538,62	-214,14	6.852,29	75.390,91

2º) Acordar a devolución á Consellería de Traballo e Benestar da cantidade **5.940,45 euros** en concepto de subvención percibida e non gastada da obra ou servizo “Mantemento e Rexeneración de Espazos Naturais” Esta cantidade deberá ser reintegrada á Consellería previamente á remisión da xustificación final, é dicir, antes do 6 de maio

O reintegro farase mediante transferencia bancaria á conta do Tesouro da Xunta de Galicia aberta en Caixa Galicia, O.P. de Santiago: **2091 0300 47 3110063172** , especificando “Remanente da

subvención concedida pola consellería de Traballo para o fomento do emprego ao abeiro dos programas de cooperación. Expte. N°. TR 351 A 2009/ 84-5

3º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resgardo de transferencia bancaria xustificante do reintegro que procede, tendo como data límite o 6 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

24.- XUSTIFICACIÓN FINAL DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN LOCAL 2009: SERVICIOS ADMINISTRATIVOS (TR351A 2009/82-5) E DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL (TR351A 2009/83-5).

Visto o informe da axente de emprego de data 23 de abril de 2010, que di:

O pasado 10 de marzo rematou a execución dos servizos “Servizos Administrativos” e “Dinamización Sociocultural” subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña. No servizo “Servizos administrativos” estiveron contratados, durante seis meses, un técnico superior en administración e finanzas, un técnico superior en proxectos de construción, un técnico medio en xestión administrativa e un conserxe. No servizo “Dinamización Sociocultural” estiveron contratados, durante seis meses, un técnico superior en actividades físicas, un técnico superior en animación sociocultural, un técnico superior en integración social e un técnico superior en información turística.

De acordo co recollido no punto terceiro das resolucións de concesión de subvencións de data 7 de agosto de 2009 e co establecido no artigo 7.2.a da Orde de 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, unha vez rematados os servizos, existe un prazo de dous meses para realizar a xustificación final dos mesmos, presentando unha certificación de ingresos e gastos e unha memoria dos traballos realizados, acompañadas da seguinte documentación; copias compulsadas das nóminas aboadas aos traballadores, boletíns de cotización á seguridade social (TC1 e TC2), resumo das retencións practicadas en concepto de IRPF, certificacións ou extractos bancarios de cada un destes conceptos.

Este punto terceiro establece tamén que, no caso de subvencións percibidas e non gastadas na súa totalidade, deberá remitirse xunto coa anterior documentación copia do resgardo da transferencia bancaria xustificante do reintegro que proceda. Por tanto, **o reintegro das cantidades correspondentes a subvención percibida e non gastada deberá efectuarse antes do remate do prazo de envío da xustificación final.**

O prazo para enviar a xustificación final á consellería remata o 9 de maio.

Unha vez realizada a xustificación- liquidación destes programas quedaría como segue:

Servizos administrativos:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA	CUSTOS EFECTUADOS	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES	TOTAL CUSTOS
----------------------	-------------------	-----------	----------------------------	--------------

SALARIOS + SEG. SOCIAL	SALARIOS + SEG. SOCIAL		(Indemnización por cese)	PROXECTO
31.524,41	31.561,90	-37,49	531,92	32.093,82

Dinamización Sociocultural:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indemnización por cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
34.633,64	34.359,43	274,21	541,70	34.901,13

Acompáñase a este informe unha desagregación pormenorizada dos gastos realizados.

No caso do servizo “**Servizos Administrativos**” a subvención percibida é inferior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a 37,49 euros. Isto é debido ao incremento salarial aplicado a estes traballadores dende o mes de xaneiro, que non é subvencionable, debendo o seu custo ser asumido polo Concello. O custo deste incremento salarial debería ser superior, pero viuse en parte compensado por algunha baixa por enfermidade neste programa.

Por outro lado, este proxecto tivo un custo a maiores para o Concello de 531,92 euros, o custo da indemnización por cese, concepto de pago obrigatorio, que non é subvencionable, debendo por tanto o seu custo ser asumido polo Concello.

Pola contra, no caso do servizo “**Dinamización sociocultural**” a subvención percibida é superior ao gasto realizado en salarios e seguros sociais, nunha cantidade que ascende a **274,21** euros. Esta diferenza obedece á incidencia que as baixas por enfermidade tiveron nesta obra ou servizo provocando que o gasto en salarios e seguros sociais fose inferior ao previsto. Esta cantidade, que corresponde a subvención percibida e non gastada deberá ser devolta á Consellería de Traballo e Benestar previamente á remisión da xustificación final.

Por outro lado, este proxecto tivo un custo a maiores para o Concello de 541,70 euros, o custo da indemnización por cese, concepto de pago obrigatorio, que non é subvencionable, debendo por tanto o seu custo ser asumido polo Concello.

O Concello debe enviar á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resguardo de transferencia bancaria xustificante dos reintegros que procedan, tendo de prazo como xa mencionamos ata o día 9 de maio.

Vista a proposta da Alcaldía de data 23 de abril, que textualmente di:

Rematada o pasado 10 de marzo de 2009 a execución dos servizos “Servizos Administrativos” e “Dinamización Sociocultural” subvencionados dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, e á vista do informe emitido pola axente de emprego, do contido nas resolucións de concesión de subvencións e do contido no artigo 7.2.a da Orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo, reguladora dos Programas de Cooperación para o ano 2009, faise necesario aprobar a xustificación- liquidación dos citados servizos para enviar xustificación final dos mesmos á Consellería de Traballo e Benestar.

Polo anterior

PROPOÑO:

1º) Aprobar a xustificación- liquidación das obras ou servizos “Servizos Administrativos” e “Dinamización Sociocultural” subvencionadas dentro dos programas de cooperación local 2009 do Concello de Moaña, de acordo cos seguintes datos:

Servizos administrativos:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indemnización por cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
31.524,41	31.561,90	-37,49	531,92	32.093,82

Dinamización Sociocultural:

SUBVENCIÓN PERCIBIDA SALARIOS + SEG. SOCIAL	CUSTOS EFECTUADOS SALARIOS + SEG. SOCIAL	DIFERENZA	CUSTOS NON SUBVENCIÓNABLES (Indemnización por cese)	TOTAL CUSTOS PROXECTO
34.633,64	34.359,43	274,21	541,70	34.901,13

2º) Acordar a devolución á Consellería de Traballo e Benestar da cantidade **274,21 euros** en concepto de subvención percibida e non gastada da obra ou servizo “Dinamización Sociocultural” Esta cantidade deberá ser reintegrada á Consellería previamente á remisión da xustificación final, é dicir, antes do 9 de maio

O reintegro farase mediante transferencia bancaria á conta do Tesouro da Xunta de Galicia aberta en Caixa Galicia, O.P. de Santiago: **2091 0300 47 3110063172** , especificando “Remanente da subvención concedida pola consellería de Traballo para o fomento do emprego ao abeiro dos programas de cooperación. Expte. Nº. TR 351 A 2009/ 83-5

3º) Acordar que se remita á Consellería de Traballo e Benestar unha xustificación final reflectindo estes datos, acompañada de toda a documentación xustificativa dos mesmos e de copia do resgardo de transferencia bancaria xustificante do reintegro que procede, tendo como data límite o 9 de maio de 2010.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

25.- MOBILIDADE

25.A) Visto o informe do 16 de abril de 2010 do xefe da Policía local, que di

En relación á necesidade de colocación dun espello para mellorar a visibilidade na saída do colexio de A Guía, esta Policía fixo unha inspección do lugar e chegou á conclusión de que a visibilidade que hai no lugar é duns vinte metros aproximadamente para os vehículos que saen do colexio e aumentaría esta, coa

colocación dun espello na marxe contraria e que axudaría a mirar os vehículos que circulan no sentido capela da Peregrina O Cocho, aumentando a visibilidade e a seguridade na incorporación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación do espello na saída do colexio da Guía nos termos sinalados no informe do xefe da Policía local.

25.B) D.^a Fátima Castiñeira Bernárdez por escrito do 6 de abril de 2010, expón que debido a problemas que se producen moi a miúdo no cruce seguinte a fonte de Miranda, á altura do nº 22A por mal estacionamento de coches, etc., solicita que se sinalice dito cruce cos sinais pertinentes.

Visto o informe do xefe da Policía local do 20 de abril de 2010, conformado pola concelleira de Tráfico, emitido en relación coa solicitude de sinalización das inmediacións do cruce da baixada do colexio de Quintela cara a Riazón, no que indica que non hai inconveniente en reforzar o lugar cunha liña amarela de prohibido estacionar nas inmediacións de dito cruce a cada un dos lados,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o pintado da liña amarela de prohibido estacionar nos termos recollidos no informe do xefe da Policía Local.

25.C) D. Fernando Parada Queimaño, por escrito do 30 de decembro de 2009, expón que no percorrido do vial de baixada ao Igrexario non pasa un vehículo por outro, e fronte a súa vivenda, como se fai un pouco máis ancho, os vehículos aproveitan para aparcar o que lle entorpece a entrada e saída da vivenda –na que viven persoas maiores con pouca mobilidade- e que non é a primeira vez que o camiión do lixo non pode pasar. Solicita que se prohiba aparcar nesa zona.

Visto o informe da Policía Local, conformado pola concelleira de Mobilidade,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o pintado da liña amarela continua no borde da calzada a carón da vivenda situada no nº 46 de Igrexario – Tirán.

25.D) D.^a M^a Carmen Pérez Rios expón, por escrito do 23 de marzo de 2010, que lle aparcan os coches diante do portal da entrada da súa vivenda na Rúa do Pico, 25 A, e polo tanto non ten case espazo para poder entrar na casa, e solicita que lle sinalicen para que non lle aparquen.

Visto o informe do inspector-xefe da Policía local do 27 de marzo de 2010, conformado pola concelleira de Mobilidade, que di: *para conseguir que a solicitante poida acceder a súa vivenda, sería convinte sinalizar o fronte do portal de entrada cunha liña de cor amarela.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o pintado da liña amarela na entrada á vivenda da Rúa do Pico 25 A.

25.E) D.^a Catalina González Santomé, domiciliada en Moureira, 210, por escrito do 23 de marzo de 2010, solicita que se indique que ese camiño é sen saída, para evitar confusións.

Visto o informe favorable do xefe da Policía Local, conformado pola concelleira de Mobilidade,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a colocación dun sinal de camiño sen saída en dito lugar.

25.F) O director do I.E.S. A Paralaia expón que a recente construción das beirarrúas no entorno do instituto puxo de manifesto a urxencia de marcar determinados espazos para a mellor regulación da circulación dos peóns, minimizando os riscos aos que se enfrontan a cotío e garantindo a mellor convivencia entre estes e os condutores. Por iso solicita que se proceda a realizar un pintado de dous pasos de peóns, tal como se indica no esquema anterior e un borde amarelo diante do acceso peonil para evitar obstrucións no percorrido do alumnado ao acceder aos autobuses.

Visto o informe favorable do xefe da Policía local, conformado pola concelleira de Mobilidade, no que achega un croquis no que se recolle o xeito de facelo se que se perda ningunha praza de aparcamento,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o pintado de dous pasos de peons, e un borde amarelo diante do acceso peonil segundo o croquis achegado no informe do xefe da Policía local

26.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
JUAN CARRASCO NÚÑEZ	Auga, uso doméstico	As Barxas, 11 – 2º A	D ^o conexión auga.....60,00 Fianza.....20,00	Aqualia Arquitecto técnico
RIVIERA 4 S.L.	Auga, uso doméstico	Paradela, 8 parcela 3 B	D ^o conexión auga.....60,00 Fianza.....20,00	Aqualia Arquitecto técnico
CAROLINA COSTA DEL RÍO	Auga, uso doméstico	Ave do Mar, 7 – 3º C	D ^o conexión auga 60,00 € Fianza 20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario, DOU FE.